



# CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

## RESOLUCIÓN

Expediente 2026/E001/000003. Proceso selectivo para a contratación de tres (3) peóns/peoas forestais en réxime laboral temporal a cargo da subvención para o fomento do emprego no medio rural programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026).

Nome proxecto	RURAL ACTIVA BOQUEIXÓN 2026
Código de procedemento	TR351G
Expediente da subvención	2026/A008/000009

Aprobar a lista das persoas candidatas admitidas preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, datas das probas e nomeamento da comisión seleccionadora.

## ANTECEDENTES:

A Consellería de Emprego, Comercio e Emigración concede unha subvención ao Concello de Boqueixón por importe de 50.865,09 euros, equivalente aos custos salariais totais das contratacións de persoal temporal para a obra/servizo obxecto da solicitude para o desenvolvemento do programa denominado Rural Activa Boqueixón 2026, tal e como segue:

NÚM. TRAB.	OCUPACIÓN	GRUPO COTIZ.	IMPORTE SUBVENCIÓN
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
1	PEÓN/PEOA FORESTAL	10	16.955,03 €
TOTAL SUBVENCIÓN			50.865,09 €

O importe de 50.865,09 euros está destinado ós custos salariais totais das contratacións baixo a modalidade de contrato de traballo vinculado a programas de políticas activas de emprego (código de contrato 405).

Resolución de alcaldía núm. 218/2026 do 27 de abril de 2026. Aprobación da bases para a provisión en réxime laboral temporal da contratación de tres (3) peón/peoa forestais Rural Activa Boqueixón 2026.

Anuncio BOP núm. 81 do 4 de maio de 2026. Anuncio Convocatoria de selección provisión en réxime laboral temporal vinculado a programas de políticas activas de emprego para a contratación de tres (3) peóns/peoa forestais. Programa Rural Activa Boqueixón 2026.

O Concello presenta oferta de emprego na Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garátese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe. (artigo 18.1.b da Lei 11/2007, de 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos Servizos Públicos)



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, remite por correo electrónico listado de candidatos/as preseleccionados/as para a selección de tres (3) peóns/peoas forestais.

As persoas candidatas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Galicia, número de oferta 12/2026/3840, son as que seguen:

APELIDOS E NOME
Barral Fuentes María Soledad
Iglesias Agrelo Mónica
Lortes Campos Francisco Javier
Pena Midón Rubén
Souto Castro Adrián
Vázquez González José Manuel

A Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte da instrucións que o concello de Boqueixón contacte a través do teléfono ou correo electrónico que constan nos currículos vitae das persoas candidatas remitidas por correo electrónico para convocalas ó proceso, e que o concello verifique que as persoas candidatas reúnen os requisitos da convocatoria.

Atendendo ó artigo 14º, punto 3 da Orde do 22 de xaneiro de 2026 pola que se establecen as bases que regulan as subvencións para o fomento do emprego no medio rural, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo e se procede á súa convocatoria para o exercicio do ano 2026 (código de procedemento TR351G). (DOG nº 24 do 5 de febreiro de 2026), di que as persoas traballadoras que foran contratadas por un período igual ou superior a nove meses con cargo ás axudas concedidas no ano 2025 pola Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, no ámbito de colaboración coas entidades locais non poderán ser contratados con cargo ás axudas previstas nesta orde, agás que o fosen en concellos rurais de menos de 10.000 habitantes (padrón municipal de habitantes 2025. IGE).

Tal e como se indica nas bases da convocatoria publicada, as persoas candidatas admitidas no proceso, presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata ó día anterior á da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente a persoa candidata non poderá ser baremada. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberán manterse con posterioridade ata a data da contratación laboral.

### MARCO XURÍDICO

Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos, aprobada no pleno ordinario do concello de Boqueixón que tivo lugar o 19 de xullo do 2017 (BOP nº 180 do 21 de setembro de



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

2017).

BOP. Núm. 81 do 4 de maio de 2026. Anuncio Bases reitoras

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime local (LRBRL)

Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALG)

Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC)

Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público;

Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TREBEP)

Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia (LEPG)

Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores (ET)

1<sup>er</sup> Convenio colectivo das condicións de traballo do persoal laboral ao servizo do Concello de Boqueixón (código de convenio 1504192) [DOG n.º 42 do 02.03.2005]

### RESOLUCIÓN:

**PRIMEIRO.** Aprobar a lista de persoas candidatas admitidas remitidas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte (oferta núm. 12-2026-3840):

Persoas candidatas admitidas
APELIDOS E NOME
Barral Fuentes María Soledad
Iglesias Agrelo Mónica
Lortes Campos Francisco Javier
Pena Midón Rubén
Souto Castro Adrián
Vázquez González José Manuel

**SEGUNDO.** Convocar as persoas candidatas admitidas preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte e á comisión seleccionadora para a realización das probas, nas datas, hora e lugar que se indican:

Para a realización da proba práctica:

- Data: 13 de maio de 2026.
- Hora: citarase a cada persoa candidata cada cuarto de hora para a realización da fase de proba/s práctica/s.
- Lugar: Base de protección civil de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 15, 15881 Boqueixón (A Coruña).

Persoas candidatas admitidas	
APELIDOS E NOME	HORA
Barral Fuentes María Soledad	10:00
Iglesias Agrelo Mónica	10:15
Lortes Campos Francisco Javier	10:30
Pena Midón Rubén	10:45



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

Souto Castro Adrián	11:00
Vázquez González José Manuel	11:15

Convocar ás persoas candidatas admitidas, a través de correo electrónico ou teléfono que constan nos currículos vitae enviados pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte. No caso de chamar por teléfono realizarase ata un máximo de 3 chamadas para convocar ás persoas candidatas. Ás persoas candidatas informaráselles sobre as bases de contratación, datas das probas e presentación de documentación para acreditar os méritos.

- Para a presentación de documentación acreditativa dos méritos:

As persoas aspirantes presentarán a documentación acreditativa de méritos mediante orixinais ou copias compulsadas no rexistro do Concello de Boqueixón (en horario de 9:00h a 14:00h) dende a data no que se lle comunica que está preseleccionado/a ata o día anterior da realización das probas prácticas. De non acreditar a documentación adecuadamente o/a candidato/a non será baremado. Polo tanto, non se aceptará ningunha documentación que non se presente en prazo. Os requisitos cumpriranse na data de remate da presentación de documentación e deberá manterse con posterioridade ata a contratación laboral.

- A Valoración de méritos a realizar pola comisión seleccionadora:

- Data: 13 de maio de 2026.
- Hora: 11:30 h.
- Lugar: Casa do Concello de Boqueixón, lugar de O Forte núm. 18, 15881 Boqueixón (A Coruña).

**TERCEIRO.** Nomear como membros da Comisión de selección:

**PRESIDENTE:** Dalmiro Núñez Méndez, Secretario-Interventor do Concello de Boqueixón; suplente: Adela Lamela Arteaga, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**SECRETARIA:** María Victoria Negrín Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón; suplente: Pilar Pazos Santasmarinas, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 1:** Juan Manuel Corral Sánchez, funcionario do Concello de Boqueixón; suplente: Teresa Castro Blanco, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 2:** María Cruz Ferreiro Sanín, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Rosario Iglesias Iglesias, funcionaria do Concello de Boqueixón.

**VOGAL 3:** Carlos Uzal Díaz, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón; suplente: Pascual Villaverde Núñez, persoal laboral fixo do Concello de Boqueixón.

**CUARTO.** Publicar a lista de persoas admitidas e excluídas, datas do proceso e composición da Comisión de



## CONCELLO DE BOQUEIXÓN

Forte 18  
15881 Boqueixón (A Coruña)  
Tífs: 981 513 061 – 981 513 052  
[sede.boqueixon.com](mailto:sede.boqueixon.com)  
[correo@boqueixon.es](mailto:correo@boqueixon.es)  
[www.boqueixon.es](http://www.boqueixon.es)

selección, no taboleiro de edictos do Concello de Boqueixón e no taboleiro de anuncios da sede electrónica municipal.

**QUINTO.** Dar traslado deste acordo ó Departamento de Secretaría-Intervención do Concello de Boqueixón e ó coordinador de obras e servizos, dándolle conta ó Pleno da Corporación Local na primeira sesión ordinaria que teña lugar.

Concello de Boqueixón, na data da sinatura electrónica

Ovidio Rodeiro Tato, alcalde-presidente

Dalmiro Núñez Méndez, secretario-interventor